

PREÁMBULO

O Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes (CiTIUS, citius.usc.es) foi creado pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) no marco da Rede de Centros Singulares de Investigación (CCSSI), que constitúen o eixo principal do proxecto Campus Vida (Campus de Excelencia Internacional).

Creado en 2010 e inaugurado en setembro de 2012, o CiTIUS naceu co obxectivo de chegar a ser un centro de investigación de referencia, distinguido pola excelencia e impacto da súa investigación e o seu compromiso coas demandas da sociedade. O obxectivo do CiTIUS é levar a cabo unha investigación multidisciplinar e de vangarda no ámbito das Tecnoloxías Intelixentes. O CiTIUS conta ademais cun programa de captación e formación orientado á incorporación de persoal investigador con capacidade para liderar nun futuro liñas de investigación de excelencia científica e impacto socioeconómico.

Para a obtención destes obxectivos, o CiTIUS conta cunha estrutura organizacional autoesixente, baseada en catro requirimentos organizativos básicos: (1) selección competitiva do persoal investigador por parte dunha Comisión Científica Externa (CCE); (2) vinculación formal de persoal investigador seleccionado con criterios e pautas de vinculación e permanencia sobre a base dunha avaliación continua da súa actividade realizada pola CCE; (3) programación científica formulada en base a unha planificación estratéxica medible no marco dun Contrato Programa ligado ao cumprimento de obxectivos; (4) dirección científica executiva que integre as capacidades do persoal investigador do centro e asegure o progreso dos programas.

O centro conta na actualidade con 30 investigadores/as vinculados/as, que se organizan ao redor dos oito programas científicos cos que conta o centro na actualidade. Unha vez transcorridos nove anos dende a inauguración do centro, a Dirección do CiTIUS considera oportuno identificar un número limitado de novos/as investigadores/as vinculados/as que poidan reforzar as capacidades científicas do centro.

Cabe destacar que o persoal investigador vinculado é clave para a imaxe externa do centro e para o seu éxito científico e, polo tanto, está suxeito a unha avaliación continua e rigorosa dos seus resultados científicos. Esta avaliación pode ter consecuencias na súa futura continuidade como persoal investigador vinculado ao centro.

Sobre estas premisas, lanzamos esta **Convocatoria para a recepción de solicitudes de vinculación ao CiTIUS**.

CANDIDATOS/AS ELIXIBLES

Esta convocatoria de solicitudes de vinculación está aberta ao persoal docente e ao persoal investigador que cumpra os seguintes requisitos:

- Persoal docente e investigador cun vínculo permanente coa institución á que pertenza. No caso de persoal alleo á USC, deberá subscribirse o correspondente convenio institucional.
- Persoal investigador posdoutoral contratado na USC con cargo a programas de RRHH competitivos, ou con cargo a proxectos de investigación do centro.

As persoas candidatas deberán acreditar un alto nivel de publicacións relacionadas coas principais áreas temáticas do CiTIUS e amosar unha capacidade probada para a captación de recursos financeiros externos.

No caso dos candidatos/as que actualmente están a colaborar cun equipo de investigación do CiTIUS, deben indicar as contribucións individuais relevantes que xustifican a súa solicitude de vinculación.

En canto ao resto de solicitantes, a nosa prioridade é incorporar novo persoal investigador con experiencia científica complementaria, que contribúa a fortalecer as capacidades do centro e a coherencia dos nosos programas científicos. Esta complementariedade e a experiencia previa da persoa candidata en proxectos de investigación colaborativa relacionados coas principais áreas temáticas do CiTIUS deben destacarse na solicitude.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE VINCULACIÓN

A data límite para a presentación de solicitudes é o 3 de decembro de 2021 ás 14 horas (CEST). A solicitude debe enviarse a citius@usc.es en formato .pdf, utilizando o formulario adxunto: [descargar solicitude](#).

PROCESO DE SELECCIÓN

O proceso de avaliación e selección será realizado pola Comisión Científica Externa do CiTIUS.

O nomeamento formal como persoal investigador vinculado das persoas candidatas seleccionadas será aprobado pola Comisión Reitora do CiTIUS, a través da firma dun compromiso formal cos obxectivos estratéxicos e a política organizacional do centro.

CONTACTO

Para calquera aclaración ou consulta sobre esta convocatoria, dirixirse a: citius@usc.es ou a través dos teléfonos 881816410 ou 881816403.